

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 30 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións do Programa de comercio circular e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CO300D).

BDNS (Identif.): 779958.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.go.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarias/os*

1. Poderán ser beneficiarias/os das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nas persoas solicitantes non conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1.1. Programa *Eco-pack*.

1.1.1. Comerciantes retalistas con tenda física:

As persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na comunidade autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

b) Que teñan a condición de peme de ata 50 persoas traballadoras, conforme o establecido no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos



artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE núm. 187, do 26 de xuño), incluídas as persoas en situación de autoemprego.

Para a consideración de pequena e mediana empresa observarase o disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de microempresa e pequenas empresas (DOUE núm. L 124/36, do 20 de maio). Para estes efectos establécese que:

Categoría de empresa	Persoal: unidades de traballo anual	Volume de negocio anual (€)	Balance xeral anual (€)
Micro	< 10	≤ 2 millóns	≤ 2 millóns
Pequena	< 50	≤ 10 millóns	≤ 10 millóns
Mediana	< 250	≤ 50 millóns	≤ 43 millóns

c) Que estean dados de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e que esta constitúa a actividade para a cal vai dirixida a subvención.

No caso de que nun mesmo establecemento comercial se realicen actividades comerciais subvencionables con outras non subvencionables, a persoa solicitante deberá acreditar mediante declaración responsable que a actividade comercial subvencionable é a principal.

1.1.2. Talleres artesanís:

Que estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

1.1.3. Asociacións de comerciantes:

Que reúnan os requisitos para ter a condición de centro comercial aberto, de acordo co previsto na Orde do 8 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CO300A) (DOG núm. 100, do 24.5.2024).

En todo caso, as asociacións de comerciantes deberán ter unha antigüidade mínima de tres anos na data de publicación desta orde e estar ao día na obriga de aprobación das contas anuais pola xunta directiva nos dous últimos exercicios previos a esta orde de convocatoria.



1.2. Programa Avanza téxtil.

Pemes e persoas autónomas do sector téxtil (deseño, produción e venda de pezas de vestir, calzado e complementos).

As persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na comunidade autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

Que teñan a condición de peme de ata 10 persoas traballadoras, nos termos previstos no número 1.1.1. b) deste artigo, incluídas as persoas en situación de autoemprego.

c) Que estean dados de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo III e que esta constitúa a actividade para a cal vai dirixida a subvención.

1.3. Programa Re-circular.

Pemes e persoas autónomas do sector téxtil (deseño, produción e venda de pezas de vestir, calzado e complementos).

As persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na comunidade autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

b) Que teñan a condición de peme de ata 20 persoas traballadoras, nos termos previstos no número 1.1.1.b) deste artigo, incluídas as persoas en situación de autoemprego..

c) Que estean dados de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo III e que esta constitúa a actividade para a cal vai dirixida a subvención.



Segundo. Obxecto

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a transformación sostible do sector comercial galego a través do impulso de actuacións de comercio sostible e circular.

Terceiro. Bases reguladoras

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. Importe

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de 1.200.000,00 €, financiado con cargo ás aplicacións orzamentarias 44.06.751A .770.8 e 44.06.751A.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, que se imputará da seguinte forma:

Liña	Aplicación 44.06.751A .770.8.	Aplicación 44.06.751A .781.1.	Total orzamento
Liña 1. Programa Eco-pack	800.000,00 €	200.000,00 €	1.000.000,00 €
Liña 2. Programa Avanza téxtil	100.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €
Liña 3. Programa Re-circular	100.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2024

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

